



♪ Banda de Música Municipal de Ribadeo

Concerto de Santa Cecilia

20 de novembro 2005 • 21:00 h • Auditorio Municipal

 EXMO.
CONCELLO DE RIBADEO
CONCELLARÍA DE CULTURA



Asociación Amadores da Música

 Banda Sinfónica
Municipal
de
Ribadeo



Un ano máis a música fai posíbel que chegemos a lugares que a razón por uns ou outros motivos nunca deu atopado. Banda Municipal e Escola Municipal de Música de Ribadeo son dúas entidades que oficialmente non teñen nada que ver entre si pero hai algo forte que as une por más que os papeis queiran separalas. Ese algo forte é a música. Banda e Escola celebran de xeito conxunto este concerto de Santa Cecilia como homenaxe á patrona dos músicos. A Banda Municipal de Ribadeo (BMR) inclúe no seu programa obras que determinan cal é a súa filosofía como agrupación musical. Un pasodoble clásico que xa percorreu en ducias de ocasións os atríns da municipal ribadense é Ponteareas. Logo de anos sen formar parte do programa da banda volve como un guiño ao público máis tradicional. A parte máis innovadora fórmansa unha obra orixinal para banda, *First Suite for Band* de Alfred Reed, e un arranxo dun dos clásicos da música do século XX, a *Rhapsodia in Blue* de George Gershwin. Para pechar o programa a BMR ofrece unha obra dun compositor xa coñecido polo público ribadense, Rafael Teléns. *Cançons de Maré* é unha obra na que se respira en cada compás aire do mediterráneo.

A Banda Municipal de Ribadeo está dirixida por Lourenço Cruz.

A primeira parte do concerto correspónelle á Big – Band da Escola Municipal de Música de Ribadeo. Trátase dun vello proxecto da Escola que se retoma nesta ocasión coa vontade de mantelo dun xeito regular no tempo. O seu obxectivo é achegar ao público ritmos pouco usuais como o jazz, tanto clásico coma latino, o blues ou o swing así como servir de plataforma para que os alumnos da Escola se acheguen a novas músicas. A posta en marcha de novo desta agrupación é un dos retos que se afrontan

dende a Escola Municipal de Música ao longo deste curso. Outros que van cobrando forza co paso do tempo son unha Orquestra Sinfónica xuvenil ou un grupo de metais que xa comezaron os seus ensaios. Trátase de manter vivo o lema da Unión Europea de Escolas de Música (EMU) música para todos, todas as músicas co que a Escola Municipal de Ribadeo se identificou dende os seus inicios. A Big – band está formada toda ela por alumnos e profesores da Escola Municipal de Música e dirixida por Marcos Rodríguez.

S. López, músico da BMR

PROGRAMA

I PARTE

IN THE MOOD	Glenn Miller
CAN'T HELP FALLING IN LOVE	Jerry Novak
BLUE BOOK	Lennie Niehans
BESAME MUCHO	Frank Constock
MR. BASKET	Matt Harris

Dirixe: Marcos Rodríguez

II PARTE

ARSENAL	Jan van der Roost
FIRST SUITE FOR BAND	Alfred Reed
CANÇONS DE MARE	Rafael Taléns
PONTEAREAS.....	R. Soutullo

Dirixe: Lourenço Cruz